



**DENDE OVICA QUEREMOS  
DESEXAVOS FELICES  
FESTAS E PRÓSPERO  
ANINOVO !!!**

### AXUDAS Á PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO

Ata o vindeiro 17 de xaneiro pódense solicitar as axudas a prevención de ataques de lobo ao gando (convocatoria para o ano 2011). Como ven sendo habitual a axuda céntrase en 4 tipos de investimentos:

- **Cans mastíns.** Cun máximo de 2 por gandería.
- **Pastores eléctricos.** Cun máximo de 4 por gandería.
- **Emprego de curros.** Cun máximo de 4 por gandería.
- **Valados con malla ovelleira e postes de madeira tratada.** Cun máximo de 2 valados por gandería. Cada valado ten un máximo de axuda de 1.500 € ou 3.75€/m lineal e non poderá superar os 400 ml.



Este ano, como novidade, os valados con malla ovelleira e postes de madeira tratada poderán ser con arames electrificados. Isto permite reducir a altura mínima, que queda en 1,5 m. Por outra parte, se non se quere enterrar a malla, poderase colocar un arame electrificado no exterior a 30 cm do chan (con illadores longos para separalo da malla).

Dende OVICA queremos recomendar a todos aqueles que esteades interesados nesta axuda vos poñades en contacto con nos para aclarar calquera dúbida sobre a tramitación da mesma.

### COMPRA – VENTA

- Véndense 12 ovelas galegas – 676 388 235 – 982 168 056 – Muras (Lugo)
- Véndese rabaño de 100 ovelas negativas a Paratuberculose e libre de Maedi-Visna – 661 508 269 – Chantada (Lugo)
- Véndese unha parella de cabras ananas – 669 268 850 – 606 258 950 – Outeiro de Rei (Lugo)
- Véndense cabras próximas a parir en Allariz – 687 207 980 (Fernando) e 667 093 154 (Nuria)
- Véndense 150 ovelas – 686 304 617 – Baños de Molgas (Ourense)
- Véndese rabaño de 200 ovelas e material diverso (comedeiros, tolvas,...). Tfno.: 608 879 938 - A Pastoriza (Lugo)
- Véndese rabaño completo de 240 cabras – Tfno.: 629 479 623 – Xinzo de Limia (Ourense)



### BOLETÍN INFORMATIVO Nº 63 DECEMBRO 2010

#### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo  
Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211  
Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428  
Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)  
Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)



#### RAZA Ovella Ansotana

Dende o punto de vista etnolóxico, nos anos 30 describiuse a subraza de Raza Aragonesa denominada "Ansotana ou Chesa" (dos pobos Ansó e Echo) como *"..reses con vellón branco de gran corpulencia, de lana de carácter estambreiro bien marcado, descargada, finísima, flexible y resistente; las briznas alcanzan de 15 a 18 centímetros; el vellón es apretado, Y sobre su superficie se notan algunas briznas más largas, gruesas y rectas."* (Faelli, 1.932). Tradicionalmente tense a la da Ansotana como a mellor de Aragón.

#### CARACTERÍSTICAS DA RAZA

As femias pesan de 45-55 Kg, chegando os machos ós 65-80 Kg. En canto á produción de la, esta raza ofrece de 1,5 a 1,8 Kg. por ovella e de 2 a 3 Kg. por macho. A la caracterízase como entrefina, pouco ondulada e de media lonxitude, ás veces ofrece un brillo especial.

As femias producen bastante leite. Antigamente a Ansotana ordeñábase, preparando co seu leite un queixo artesán de gran similitude ó Roncal. Esta práctica desgraciadamente abandonouse. A maior produción leiteira desta raza require un novo sistema de explotación con maior estabilidade e coidados para a recuperación dos queixos típicos da zona.



Respecto á reprodución, presenta unha actividade sexual similar á Raza Aragonesa, aínda que a súa prolificidade é menor (1,1 a 1,3 anos por parto). Isto explícase simplemente porque o medio onde viven é máis rigoroso e non se ten feito selección nesa dirección.

Antigamente, o tipo de cordeiro variaba entre o «ternasco» e «pastenco», alimentado no pasto e con máis idade (de 5 a 8 meses) e peso (de 25 a 35 Kg.), sendo a veces castrado. Na actualidade a porcentaxe de «ternasco» en estabulación é superior, quedando relegada a produción do «pastenco» ó verán, momento no que se aproveitan os pastos nos portos de montaña. Aínda así a cantidade de cordeiro «pastenco» producido é moi pequena.



No ano 2002 seis ganderías constituíron a Asociación (ACOAN) cun total de 1050 ovelas Ansotanas identificadas con crotal e tatuaxe rexistradas no Libro Xenealóxico da Raza Ansotana para iniciar o rexistro fundacional que quedou aprobado en setembro do 2002 polo Goberno de Aragón.



**CAIXA RURAL GALEGA**

## ENTREVISTA A...

José Antonio Dacuña Sousa. Riocaldo, Lobios (Ourense)



### ¿Cómo arrancaches no sector?

Empecei no ano 2005 con 100 cabras de leite de raza Alpina mercadas en Castela e León. O primeiro ano foi duro, levar as cabritas ao parto e metelas na sala de muxidura foron traballos difíciles ó principio. Agora xa son 150 cabras e as cousas, ca práctica e ca mesma ilusión dende o primeiro día, lévanse moito mellor.

### ¿Cómo manexas o rabaño?

Este é un rabaño de leite que pastorea no monte e, cando están en lactación, complementase a alimentación na sala. O leite producido por estas cabras é especial, a flora do monte fai que o queixo teña un sabor característico. É un queixo vivo e o seu sabor evoluciona cas variacións dos pastos.

A produción está organizada da seguinte forma: os partos están agrupados para o inicio da primavera, cando o pasto é mellor. A lactación dura ata finais do verán aínda que axusto o momento de secado en función das vendas do queixo. As cabras van pacer no monte todos os días do ano (agás inclemencias do tempo). Pacen no monte, en pleno Parque Natural da Serra do Xurés.

### ¿Tes dous mastíns nun rabaño de leite?

Nesta zona hai moito lobo e, para disuadilo e poder deixar o rabaño solo unhas horas, fai falta quen o protexa. Consequín os dous mastíns a través do programa de cría de OVICA e están a funcionar moi ben. A máis vella é moi celosa e chega a vixiar os coches mentres o rabaño cruza a estrada.



### ¿Porqué facer queixo?

Arranquei ca fabricación do queixo porque tiven problemas ca venda do leite. Inspireime nunha receita caseira do queixo do norte de Portugal. É a única opción para sacarlle rendibilidade ó leite.

Este ano, en moitas zonas de España están a vender o leite de cabra a prezo do leite de vaca, cando o normal era que fora máis do dobre. De todas formas, en Galicia case non hai queixerías que traballen con este leite.



[www.queixosdoxures.com](http://www.queixosdoxures.com)

**¿E cara o futuro?** – Estes son anos nos que teremos que ir con coidado. Non hai que producir máis do que se vai vender e a opción de poder axustar á produción é moi importante. Por outra parte, o queixo séguese a vender ben e non hai baixada significativa de vendas, aínda que hai que traballalas moito máis e vixiar os cobros.

A gandería está certificada en ecolóxico para poder sacar unha liña de queixo ecolóxico e poder diversificar máis os produtos.

### ¿Animarías a outros gandeliros a probar?

Eu animaría a xente que arranque, pero ten que ter claro que non se vai a facer rico. Teñen que gustarache os animais e para o traballo de muxir fai falta constancia. O lado bo é que tes liberdade de tempo. Pasar de producir leite a transformalo en queixo é importante pero vender queixo non é o mesmo que vender leite a unha queixería. O máis importante é crer no queixo que produces.

## ESTUDO DA PARATUBERCULOSE NA FAUNA SALVAXE DE GALICIA



O corzo é un cérvido silvestre. Atópase distribuído pola maior parte de Europa e nunha franxa de Asia central que chega ata o Pacífico.

En Galicia, o abandono das terras de cultivo marxinais fixeron da nosa comunidade un medio ideal para o corzo, debido a diversidade de recursos vexetais a súa disposición. Por iso Galicia ten a maior densidade de poboación de corzo de España. Sendo Lugo a provincia con maior censo, que se estima sobre uns 22.500. Na temporada 2007/2008 permitiuse cazar arredor de 4.500 exemplares nesta provincia.

O interese por coñecer as enfermidades que afectan á fauna silvestre incrementouse nestes últimos anos practicamente en todo o mundo.

Dende hai aproximadamente dúas décadas, no laboratorio da facultade de veterinaria de Lugo levanse a cabo diferentes estudos sobre infeccións parasitarias en corzos abatidos en Galicia. Estes estudos mostraron que estes animais posúen niveles importantes de diversos parasitos coma *Sarcocystis*, coccidios, nematodos broncopulmonares e carrachas.

Actualmente, ademais iniciáronse investigacións para establecer se estes rumiantes silvestres poden actuar de reservorios dalgunhas infeccións do gando de Galicia explotado en réxime extensivo.

Neste traballo estúdiouse a presenza de parasitos gastrointestinais e de paratuberculose nos corzos abatidos en varios TECORES de Galicia. É importante subraiar que cando os animais silvestres comparten pastos e pradeiras co gando doméstico, é posible o intercambio de certas especies parásitas e tamén dalgunhas enfermidades infecciosas. Coñecer estas enfermidades axudará a que a gandería que se explota de forma extensiva mellore o seu estado sanitario.

A prevalencia de paratuberculose estudiada nos corzos en Galicia foi nula, o que coincide cos resultados doutros estudos con esta especie.

Estes resultados veñen a indicar que é o gando doméstico o que actúa coma fonte de infección de paratuberculose para os silvestres, sobre todo a través dos pastos compartidos. Isto concorda coas baixas prevalencias de paratuberculose existentes no gando doméstico galego.

O corzo parece posuír unha menor susceptibilidade as infeccións que outros cérvidos, o tratarse dun animal moi selectivo en canto a alimentación. Ademais son menos gregarios que outras especies de cérvidos o que diminúa a potencialidade de adquirir e manter enfermidades infecciosas.

### Densidade de poboación do corzo en Galicia



### CONCLUSIÓN

- Non se detectaron infeccións por paratuberculose en corzos en Galicia, o que pode estar asociado a baixa prevalencia desta enfermidade en rumiantes domésticos en Galicia.

- A vista dos resultados obtidos podemos dicir que o corzo non está actuando coma reservorio de infeccións para o gando doméstico e no caso de infectarse o máis probable é que sexa debido o contacto con rumiantes domésticos.